

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de marzo de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e tres de marzo de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(359).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia desta sesión.

2(360).- MODIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA CONTRATOS DE SERVICIOS, POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS PARA A DIRECCIÓN DE OBRAS. EXPTE. 5514/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.03.10, dáse conta do informe-proposta do 22.03.10, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico e o coordinador xeral de Tenencia de Alcaldía e conformado polo concelleiro de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2010 aprobou os pregos de condicións para os procedementos negociados sen publicidade para a contratación dos servizos de dirección de obras:

- *Expediente 5475/307: Dirección de Obra do Proxecto de rehabilitación para a ubicación dunha Pinacoteca*
- *Expediente 9383/333: Dirección de Obra de Construcción dun parque Deportivo en Barreiro.*

En relación o desenvolvemento destes procedementos negociados e tendo en conta as obrigas vinculados os prazos de urxencia establecidos polo Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local, establecendo un prazo máximo de 20 días dende a data de aprobación do expediente de contratación para a realización de todos os tramites de contratación, atopámonos coa complexidade para a tramitación dos mesmos en relación o establecido no prego para a acreditación da solvencia técnica e profesional. O punto sete do artigo 12 do prego aprobado especifica:

- *Solvencia técnica e profesional:*

Acreditarase por calquera dos seguintes medios:

- *Mediante a relación da execución de contratos de servizos ou traballos similares os do obxecto do contrato efectuados nos tres últimos anos no que se indicará importe, datas e destino público ou privado e se aportaran certificados acreditativos. Se considerará acreditada a solvencia se nos tres últimos anos acreditan ter realizado contratos similares os do obxecto do contrato que no seu conxunto o importe sexa igual ou superior ó prezo do contrato. Para a acreditación do criterio se terá en conta o disposto no artigo 67 a) da LCSP.*

A complexidade detectada afecta a dificultade que exponen as empresas invitadas para poder solicitar este tipo de certificacións, as cales non son habituais neste tipo de contratos de dirección facultativa e polo tanto dificulta a emisións por parte de terceiros destes certificados nos tempos tan limitados que desenvólvense nas diversas fases de presentación de documentación. En base a este aspecto, outros expedientes de contratación co mesmo obxecto, permiten a acreditación desta solvencia técnica e profesional en base a mais criterios de acordó co disposto no artigo 67 da LCSP, e mais concretamente en relación co disposto no apartado e) do artigo 67 da LCSP, o cal facilita a presentación da documentación por parte das empresas invitadas os procedementos.

En base o exposto, e tendo en conta o propio obxecto do contrato, e de cara a operatividade das tramitacións destes expediente baixo o cumprimento da LCSP e os prazos establecidos polo Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local, estimase convinte poder adecuar o prego de condicións no apartado da acreditación da solvencia técnica, aumentando os criterios e indicando tamén o disposto no apartado e) do artigo 67 da LCSP.

A vista das anteriores circunstancias, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Modificar o apartado da solvencia técnica e profesional do punto sete do artigo 12 do prego de cláusulas administrativas particulares para os contratos de servizos polo procedemento negociado sen publicidade para a contratación dos servizos de dirección nos expedientes, 9383-333 e 5475/307, quedando establecido do seguinte modo:

- *Solvencia técnica e profesional:
Acreditarase por calquera dos seguintes medios:*
 - o *Mediante a presentación das titulacións académicas e profesionais do persoal responsable da execución do contrato en relación as titulacións exixidas no prego de prescipcións técnicas particulares.*
 - o *Mediante a relación da execución de contratos de servizos ou traballos similares os do obxecto do contrato efectuados nos tres últimos anos no que se indicará importe, datas e destino público ou privado e se aportaran certificados acreditativos. Se considerará acreditada a solvencia se nos tres últimos anos acreditan ter realizado contratos similares os do obxecto do contrato que no seu conxunto o importe sexa igual ou superior ó prezo do contrato. Para a acreditación do criterio se terá en conta o disposto no artigo 67 a) da LCSP.*
 - o *Documento acreditativo de posuír a clasificación esixida no apartado 6.B da FEC.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.